



**LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO DA UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA
EXERCICIO 2018**

19 de outubro de 2017

PREMISAS DE FORMULACIÓN DAS LIÑAS XERAIS.....	5
a) Necesidade de aprobación en prazo do orzamento da USC a causa das esixencias do noso Plan Económico Financeiro de Reequilibrio e o mantemento do ciclo normal de xestión, malia non dispoñer de todos os datos do marco orzamentario determinado polo Estado e a Xunta de Galicia.....	5
b) Perspectiva temporal da evolución dos recursos para amortización de débeda para modular as decisións orzamentarias.....	7
RESUMO XERAL DO ORZAMENTO	9
LIÑAS BÁSICAS DO PROXECTO	10
INGRESOS E GASTOS AFECTADOS.....	12
Recursos que proceden do Plan Galego de Financiamento Universitario.....	12
Recursos obtidos pola Universidade.....	12
INGRESOS E GASTOS NON AFECTADOS	14
Ingresos	14
Gastos.....	15
Capítulo I: Gastos de Persoal	15
Capítulo II: Gastos correntes	16
Capítulo IV: Transferencias correntes.....	18
Operacións de investimento: Capítulos VI e VII.....	19
Operacións de cautela financeira: Capítulo V: Fondo de Reserva.	21
Carga financeira: Capítulos III, Gastos financeiros e IX, Variación de pasivos financeiros .	21

PREMISAS DE FORMULACIÓN DAS LIÑAS XERAIS

a) Necesidade de aprobación en prazo do orzamento da USC a causa das esixencias do noso Plan Económico Financeiro de Reequilibrio e o mantemento do ciclo normal de xestión, malia non dispoñer de todos os datos do marco orzamentario determinado polo Estado e a Xunta de Galicia.

Como xa sucedeu o ano anterior, a inexistencia a día de hoxe dun orzamento do Estado para 2018, que probablemente non se vai concretar antes de que finalice este exercicio, dificulta formular estas liñas xerais. Non obstante, a Xunta de Galicia aprobou o 19 de outubro un proxecto de orzamento para a Comunidade Autónoma que, coas restricións cuantitativas e reguladoras derivadas da inexistencia do marco estatal correspondente, permite abordar ese empeño con determinadas certezas, suficientes para asegurar que a USC aprobe en prazo (é dicir, antes do 31 de decembro de 2017) o seu orzamento para 2018. Tal propósito nace tanto das esixencias dos nosos Plans Económico-Financeiros de Reequilibrio 2015 e 2016, que fan que existan créditos que cómpre dotar para facer fronte ao conxunto das súas previsións, como do feito de que consolidar unha dinámica de normalidade orzamentaria na nosa institución tras un prolongado período no que se operou con orzamentos prorrogados é moi importante para asentar unha xestión económico-financeira rigorosa e ordenada. E esta, por outra parte, é un requisito básico para que a institución avance na senda da mellora do seu desempeño no campo da docencia e da investigación, a transferencia de coñecemento e a innovación, que son as funcións que ten encomendadas por parte da sociedade.

En calquera caso, as certezas a este respecto para o orzamento de 2018 son maiores que as que había no momento de formular as liñas xerais do orzamento de 2017 toda vez que, en sesión da Comisión de Seguimento do Plan Galego de Financiamento Universitario, celebrada o pasado día 17 de outubro, a Xunta deu a coñecer ás universidades as magnitudes máis importantes da aplicación en 2018 do citado Plan.

Con anterioridade, na sesión do 20 de xullo de 2017 da mesma Comisión de Seguimento, as Consellerías de Facenda e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as Universidades acordaron aprobar os resultados das auditorías dos datos de créditos matriculados correspondentes ao curso 2014-2015 e simplificar o sistema de asignación do fondo estrutural, fixando un prezo por crédito resultante da aplicación do modelo complexo definido no Plan que se fixo en 2016, de difícil implementación. Así, estableceuse a corrección dos datos correspondentes ao financiamento de 2017, incorporando as consecuencias da sentenza favorable á Universidade de A Coruña en función da aplicación do Plan de Financiamento anterior e a actualización retributiva da Lei de Orzamentos Xerais do Estado, supoñendo para a USC a fixación dun módulo por crédito computable de 93 €. Na mesma sesión estableceuse un prazo para a aportación dos datos de créditos matriculados no curso 2015-2016, que, tras ser auditados, promediaranse cos do curso 2014-2015 para fixar os créditos computables para o financiamento estrutural do exercicio de 2018, que son os seguintes:

Curso	USC	SUG	% USC/SUG
2014-2015	1.110.997	2.725.522	40,76
2015-2016	1.074.298	2.681.986	40,05
Promedio	1.092.647,5	2.703.754	40,41

A porcentaxe derivada dese cómputo é mellor que a do cómputo de alumnos matriculados en graos, licenciaturas e mestrados oficiais, que ofrece estes resultados:

Curso	USC	SUG	% USC/SUG
2014-2015	23.754	60.830	39,05
2015-2016	22.777	59.295	38,41
Promedio	23.265,5	60.062,5	38,73

En termos de financiamento, a USC vai percibir, xa que logo, unha subvención do fondo estrutural de 101.616.217,5 €, sobre un fondo total de 250,687 millóns de Euros (un 40,53 %).

Coa dinámica establecida no PGFU, o fondo estrutural medra segundo o crecemento da masa salarial (que en 2018 se espera sexa do 2%). Así a contía do citado fondo acadaría 261,21 millóns de Euros, dos cales 5,224 millóns quedarían pendentes de aplicar ata o momento en que se aprobe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado o incremento salarial dos empregados públicos e do que á USC corresponderíalle o 44,16% (é dicir, 2,30 millóns de Euros).

Detraendo esa contía do total do fondo previsto para 2018, resulta un importe de 255,986 millóns de Euros que financian a asignación do reparto por créditos matriculados (250,687 millóns de Euros) e no que resta (5,299 millóns de Euros) acrece o fondo a repartir por resultados. Así, a contía dese fondo de resultados en 2018 e a suma de dous factores: (1) a evolución propia, en base ao índice de incremento real do PIB galego do último ano, que a Xunta estima entre un 2,7 e un 2,5%, o que supón 57,95 millóns de Euros, e, (2) a cantidade non aplicada do fondo estrutural polo reparto en base a créditos matriculados, que é de 5,298 millóns de Euros. Así, o fondo por resultados a repartir en 2018 acadará o importe de 63.248.633,00 €.

A participación da USC no reparto dese fondo, en base á evolución dos resultados obtidos en 2017 nos 12 indicadores considerados será do 45,03 % fronte ao 44,53% do ano anterior, o que suporá uns ingresos de 28.480.859,44 €. Como información sobre a evolución relativa de cada universidade nos indicadores, xúntase este cadro que a resume de xeito simplificado.

INDICADOR	Comparación peso relativo 2018/2017	USC
PGFU-01	Número de grupos de investigación no exercicio económico N. Axudas vivas	Diminúe
PGFU-02	Captación de talento investigador	Diminúe
PGFU-03	Resultados de Investigación. Patentes en explotación.	Incrementa
PGFU-04	Sexenios	Diminúe
PGFU-05	Producción Científica	Diminúe
PGFU-06	Visibilidade de Producción Científica	Incrementa
PGFU-07	Teses de doutoramento defendidas	Diminúe
PGFU-08	Ingresos de investigación	Incrementa
PGFU-09	Proxectos Nacionais e Internacionais	Incrementa
PGFU-010	Alumnos de posgrao por graduado	Incrementa
PGFU-011	Taxa de graduación	Incrementa
PGFU-012	Alumnado estranxeiro total matriculado	Diminúe

Como consecuencia desta dinámica combinada de fondos, a USC percibirá 130.097.076,94 €, e un 41,44% dos fondos totais do SUG, ao que haberá que engadir o crédito non afectado derivado da compensación por prezos públicos de matrícula de alumnos bolseiros do MEC por un importe estimado de 1.062.000 €. Así, o financiamento básico total da USC para 2018 acadará os 131.159.076 €.

Estas cifras (as que cómpre engadir o fondo de RAM e de financiamento do Consello Social, por un importe de 2,33 e 0,2 millóns de Euros, respectivamente) son as que serven de base para a elaboración destas liñas de orzamento nas que, obviamente, non están recollidas as decisións de incrementos retributivos para os empregados públicos que fixe o Estado, que, como xa se sinalou, serán financiadas con recursos adicionais.

b) Perspectiva temporal da evolución dos recursos para amortización de débeda para modular as decisións orzamentarias.

Para abordar de xeito responsable o orzamento de 2018 é necesario incorporar unha visión a medio prazo sobre os requirimentos de devolución da débeda acumulada na institución para non asumir compromisos consolidables ou decisións de gasto aproveitando melloras na obtención de recursos extraordinarios que dificulten a viabilidade dos orzamentos dos anos inmediatamente seguintes. Para iso cómpre lembrar o seguinte:

O Plan Económico Financeiro de Reequilibrio, na súa formulación inicial, prevía este calendario de amortización de préstamos e anticipos reintegrables logo da renegociación dos seus prazos:

ANO	PRESTAMOS	ANTICIPOS	APRAZADOS	TOTAL
2018	3.793.196,90 €	802.909,00 €	2.086.141,00 €	6.682.246,90 €
2019	3.828.301,56 €	1.307.329,78 €	4.061.817,28 €	9.197.448,62 €
2020	3.864.123,95 €	1.096.414,29 €	1.821.014,94 €	6.781.553,18 €

Como se deduce doadamente da progresión das contías a orzamentar no capítulo IX, os esforzos a realizar nos anos 2018, 2019 e 2020 eran moi gravosos, cousa que se facía posible basicamente pola drástica redución dos custes do Capítulo I, que non repoñían gasto sobre as xubilacións forzosas de PAS, e nada máis que no 10%, no caso de PDI. Esta previsión foi substituída na revisión do Plan Económico-Financeiro de 2015, de forma que actualmente o grao de reposición efectiva de recursos sitúase na orde do 65%. Ese cambio na formulación do PEFR fai que as previsións iniciais de amortización deban ser reconsideradas.

Pero a obtención de recursos extraordinarios polo alleamento do Hospital de Galeras, que foron aplicados a anticipar o aboamento dos anticipos reintegrables aprazados, permitiu tal cousa, facendo que o cadro actual de amortización sexa o seguinte:

ANO	PRESTAMOS	ANTICIPOS	APRAZADOS	TOTAL
2017				4.650.088,56 €
2018	3.793.196,90 €	802.909,00 €	0,00 €	4.596.105,90 €
2019	3.828.301,56 €	1.307.329,78 €	2.726.081,39 €	7.861.712,73 €
2020	3.864.123,95 €	1.096.414,29 €	1.784.998,82 €	6.745.537,06 €

Como se pode deducir, a variable dos gastos de amortización nos orzamentos de 2019 e de 2020 é especialmente sensible, xa que os exercicios de 2021 e 2022 volven estar na orde de magnitude deste concepto de gasto xa asumida no exercicio actual de 2017, e dende o ano 2023 ata o 2025, en que se conclúe o pagamento de toda a débeda actualmente existente, a folgura orzamentaria de que pode dispoñer a USC pódelle permitir asumir unha senda de consolidación de novas políticas de mellora dos seus medios, de ampliación das súas capacidades e de pleno aproveitamento dos fondos recibidos e captados.

ANO	PRÉSTAMOS BANCARIOS	ANTICIPOS REEMBOLSABLES EN PRAZO	ANTICIPOS REEMBOLSABLES APRAZADOS	TOTAL
2018	3.793.196,90	802.909,00	0,00	4.596.105,90
2019	3.828.301,56	1.307.329,78	2.726.081,39	7.861.712,73
2020	3.864.123,95	1.096.414,29	1.784.998,82	6.745.537,06
2021	3.900.678,68	933.695,16	0,00	4.834.373,84
2022	3.937.980,80	887.184,74	0,00	4.825.165,54
2023	940.170,96	848.201,08	0,00	1.788.372,04
2024	940.170,96	670.292,02	0,00	1.610.462,98
2025	940.170,96		0,00	940.170,96
	22.144.794,77	6.546.026,07	4.511.080,21	33.201.901,05

En relación con esta cuestión, con data de 11 de Outubro a mesa da poxa do Vello Hospital de Galeras reuniuse para considerar unha proposta da empresa adquirente para modificar o último prazo de aboamento do 50% pendente para completar a adquisición do inmovible, proposta que consiste en aboar nun pagamento a realizar en xaneiro de 2018 o 35%, e o 15% restante en decembro de 2019, en vez de aboar o 50% en xaneiro de 2019.

A mesa considerou conveniente aceptar tal proposta pero recomendou que o pagamento adiantado a 2018 se aplicase, como xa se fixo co pagamento do 50% inicial, a seguir aboando anticipadamente débeda. A razoabilidade desa proposta ten que ver coa circunstancia, non probable pero posible, de que de non se culminar o último pagamento, aínda que a USC recuperaríase a plena titularidade do Vello Hospital, podendo proceder a un novo alleamento, debería reintegrar as cantidades percibidas detraendo a penalidade establecida en contrato (5% da cantidade ingresada).

Así, será razoable incorporar ao orzamento de 2018 un ingreso específico de 2.518.463,50 € a imputar ao Capítulo VI (alleamento de investimentos reais) para ampliar a dotación do Capítulo III e IX de gastos (gastos financeiros e variación de pasivos financeiros) por importe equivalente, o que permitirá facer efectiva case a totalidade dos anticipos reintegrables aprazados a 2019 (2.471.060,13 € menos e 47.403,37 € polo importe dos intereses xerados polo aprazamento do principal) de forma que se alivie a carga do orzamento dese ano, que quedaría dimensionada en 5.390.652,60 €, permitindo, tamén, aforrar coste financeiro nese exercicio.

RESUMO XERAL DO ORZAMENTO

O orzamento proposto nestas liñas xerais, comparado en termos de homoxeneidade co de 2017, é o seguinte.

INGRESOS	NON AFECTADOS	AFECTADOS	TOTAIS
TOTAL 2018	165.975.126,67 €	68.948.748,87 €	234.923.875,55 €
TOTAL 2017	162.141.992,60 €	62.478.748,87 €	224.620.652,43 €
Diferenza	3.833.134,07 €	6.470.089,04 €	10.303.223,12 €
% variación	2,36	10,36	4,59

No que atinxe aos gastos financiados con recursos non afectados, a proposta formulada nestas liñas para 2017 é a seguinte:

GASTOS	2017	2018	DIFERENZA	
CAPÍTULO	IMPORTE	IMPORTE	IMPORTE	%
I	128.206.873,26 €	129.666.888,81 €	1.460.015,55 €	1,14
II	22.486.733,32 €	23.034.491,83 €	547.7588,51 €	2,44
III	787.011,00 €	500.000,00 €	-287.011,00 €	-36,47
IV	1.057.280,00 €	1.596.580,00 €	539.300,00 €	51,01
V	350.000,00 €	200.000,00 €	-150.000,00 €	-42,86
VI	3.904.005,02 €	3.910.000,00 €	5.994,98 €	0,15
VII	200.000,00 €	0,00€	-200.000,00 €	-100,00
VIII	500.000,00 €	0,00 €	-500.000,00 €	-100,00
IX	4.650.090,00 €	7.067.166,03 €	2.417.076,03 €	51,98
TOTAL	162.141.992,60 €	165.975.126,67 €	3.833.134,07 €	2,36

LIÑAS BÁSICAS DO PROXECTO

Antes de concretar as opcións e medidas que se queren impulsar con este orzamento, cómpre establecer as liñas básicas do proxecto que, no marco dunha xestión económico-financeira destinada a atender o máis eficientemente posible as necesidades do servizo público universitario asegurando, ao tempo, a consolidación orzamentaria e o saneamento financeiro da institución, son as seguintes:

NO QUE ATINXE AOS INGRESOS, realizar unha estimación realista dos recursos, afectados e non afectados, reaxustando á alza sobre o 2017 a contía a ingresar por prezos públicos por importe de 0,4 millóns de Euros, tendo en consideración a evolución experimentada pola liquidación efectiva do 2017 e o feito de que a titulación de criminoloxía pasará a ter a consideración de grao oficial no curso vindeiro, incrementando os ingresos por custes indirectos ata os 6,4 millóns de Euros, fronte aos 5,95 millóns orzamentados en 2017, axustando o resto dos ingresos propios ás previsións derivadas da liquidación de 2017, incrementándoos en 35.494,94 € sobre o orzamentado nese exercicio, e considerando o ingreso polo 35% do prezo de alleamento do Vello Hospital de Galeras (2,5 millóns de Euros).

NO QUE ATINXE AOS GASTOS, absorber o incremento de gasto financeiro por amortizacións e xuros de débedas apazadas a 2019, que supón 2,41 millóns de Euros máis respecto a 2017; manter recursos para un fondo de reserva de 0,25 millóns de Euros; financiar as previsións dos Plans de PDI e PAS formulados polo equipo de goberno e prever o financiamento para a posible incorporación do persoal da división de Sistemas informáticos para a educación de UNIXEST á USC o que, sen contar cos incrementos retributivos que se fixen legalmente e cos conceptos vinculados ao financiamento afectado, supón incrementar a masa salarial consolidada en 1,4 millóns de Euros, é dicir, un 1,14 %; levar a efecto un axuste á alza no gasto corrente do Capítulo II en 0,54 millóns de Euros (un 2,44%), concentrada nun incremento do 5% (0,225 millóns de Euros) no coste de subministracións centralizadas, tanto por incremento de servizos como de prezos, que, ademais, sufriran unha importante diminución en 2017 que non se vai manter en 2018; tamén unha actualización do 5% (0,367 millóns de Euros) no prezo estimado para a nova licitación do servizo de limpeza no Campus de Santiago, no mantemento das melloras de financiamento do exercicio de 2017 en servizos de apoio á I+D e unha mellora do 10% (0,11 millóns de Euros) en créditos descentralizados a centros; e, por último, acrecendo no posible os investimentos destinados á mellora da calidade docente, financiamento básico da investigación e obra RAM, reducindo en 0,1 millóns de Euros os investimentos en infraestrutura TIC despois das actuacións programadas en 2017 en curso de execución relativas á renovación de redes e non considerando gasto no capítulo VII, dada a nova configuración do Consorcio Interuniversitario do SUG e a variación que experimentará o desenvolvemento de proxectos canalizados a través dese instrumento.

En resumo, os grandes obxectivos a acadar co orzamento son os seguintes:

1. Cumprimento de compromisos financeiros da USC.
2. Desenvolvemento no exercicio de 2017 das previsións dos plans de PDI e PAS formulados polo equipo de goberno para o período 2017-2020.
3. Axuste dos gastos correntes por servizos básicos.

4. Continuar incrementando os recursos de servizos e centros ligados á docencia e á investigación.
5. Consolidación e mellora das actuacións de investimento.
6. Incorporación da liña SIE (Sistemas Informáticos para Educación) de UNIXEST ao orzamento da Universidade..
7. Aportación ao novo Consorcio Interuniversitario do SUG.

INGRESOS E GASTOS AFECTADOS

Recursos que proceden do Plan Galego de Financiamento Universitario

Os ingresos que proceden do Plan Galego de Financiamento Universitario para cubrir gastos de persoal polo coste efectivamente producido, que son os sexenios, os complementos retributivos autonómicos e as retribucións fixadas no ámbito sanitario para o persoal universitario con prazas vinculadas, cuxas estimacións iniciais son as que se conteñen no cadro seguinte:

AFECTADOS	2018	2017	Diferenza
Sexenios e CRA	12.211.474,20 €	11.622.816,59 €	588.657,7 €
Atrasos CRA	0,00 €	385.500,84 €	104.499,16 €
SERGAS	3.295.957,00 €	3.499.058,84 €	-203.101,84 €
TOTAL	15.507.431,20 €	15.507.376,27 €	490.055,02 €

Os fondos afectados completaranse cos derivados do convenio para prazas de contido asistencial financiadas polo SERGAS e os recursos derivados dos programas de estabilización de Persoal Investigador.

Recursos obtidos pola Universidade

Os recursos que son obtidos pola universidade en base a ofertas específicas de servizos docentes ou asistenciais, a actividades de carácter contractual ou competitivo en I+D e aos recursos procedentes de actuacións de patrocinio. Nestes casos, dos recursos captados detráese unha parte, que pasa a ter a consideración de ingreso non afectado, xa que financia de forma xenérica as necesidades operativas da universidade, e o resto da lugar á xeración dun crédito para abordar o gasto necesario para desenvolver a actividade concreta pola cal a universidade recibiu os fondos do ente financiador correspondente. O detalle das previsións a este respecto contéñense no seguinte cadro:

RECURSOS AFECTADOS	INGRESOS	CUSTOS INDIRECTOS	% aplicado	GASTO AFECTADO
CAPÍTULO III				
POSGRAO	1.721.050,00 €	258.157,50 €	15,00%	1.462.892,50 €
CONGRESOS	347.300,00 €	52.100,00 €	15,00%	295.200,00 €
ATENCIÓNS CLÍNICAS	900.000,00 €	135.000,00 €	15,00%	765.000,00 €
SERVIZOS INVESTIGACIÓN	9.100.000,00 €	1.500.000,00 €	16,48 %	7.600.000,00 €
	12.068.350,00 €	1.945.257,5 €	16,11%	10.123.092,5 €
CAPÍTULO IV. Banco Santander	1.800.000,00 €	360.000,00 €	20,00%	1.440.000,00 €
CAPÍTULO VII	39.019.000,00 €	3.570.775,00 €	9,15%	35.448.225,00 €
CAPÍTULO IX	5.900.000,00 €	590.000,00 €	10,00 %	5.310.000,00 €
TOTAL	58.787.350,00 €	6.466.032,50 €	11%	52.321.317,50 €

Estas previsións están realizadas en base a estimacións que se consideran realistas dada a evolución dos fondos captados nos últimos anos (en 2016, 75.089.264,2 €, e en 2017, as previsións a 30 de setembro, con convocatorias pendentes de resolver no último trimestre, sitúanse nos 47.096.084,9 €). Dende o punto de vista técnico, cómpre salientar que as contías orzamentadas no Capítulo IX, *Variación de pasivos financeiros*, correspóndense con anticipos de

subvencións que, unha vez executadas e xustificadas, pasan a ser contabilizadas como subvencións de capital, polo que, en uso universitario, non deben ter a consideración de débedas financeiras.

No que atinxe aos gastos procedentes dos ingresos afectados do patrocinio do Banco de Santander, a aplicación dos mesmos responde a estas liñas de acción e avaliación cuantitativa:

FINALIDADE	TOTAL
Programas de xestión e captación de talento	499.000,00 €
Divulgación científica	174.000,00 €
Transferencia de coñecemento (patentes)	80.000,00 €
Cátedras Institucionais	20.000,00 €
A Centros Singulares/Estacións/Institutos/Grupos	215.000,00 €
Apoio a programas de captación de talento	10.000,00 €
Apoio ao emprendemento	165.000,00 €
Apoio a programas de innovación docente	285.000,00 €
Apoio á administración electrónica	100.000,00 €
Apoio promoción internacional de la USC	231.000,00 €
Apoio ás accións USC Responsable e Voluntariado	160.000,00 €
TOTAL	1.440.000,00 €

Por último, estímase a percepción dunha subvención de 1 millón de Euros por parte da Xunta de Galicia para financiar a redacción do proxecto executivo do Complexo docente de Ciencias da Saúde, tras o cal deberá concretarse de xeito definitivo o escenario financeiro e de execución da obra de construción.

INGRESOS E GASTOS NON AFECTADOS

Ingresos

Como xa se indicou, as transferencias do Plan Galego de Financiamento Universitario están calculadas sobre a base dos datos de evolución establecida no Plan, coa excepción do fondo estrutural, que se mantén sen actualizar ata coñecer o incremento da masa salarial que establezan as leis de orzamento da Xunta e do Estado (en principio prevista nun 2%). Ese financiamento, xunto coas partidas do Consello Social (0,2 millóns de Euros) e RAM (2,33 millóns de Euros), supoñen o financiamento total non afectado do PGFU, que acadará os 133.694.005,76 €.

Os outros ingresos non afectados acadan estes importes, supoñendo un lixeiro incremento (35 mil Euros) sobre o orzamentado en 2017:

CONCEPTO	INGRESOS NON AFECTADOS
PREZOS CENTRO LINGUAS MODERNAS	350.000 €
MATRICULA CUARTO CICLO	30.000 €
PREZOS OUTROS ESTUDOS	32.700 €
DEREITOS DE INSCRIPCIÓN EN OPOSICIÓN E CONCURSOS	8.400 €
INSCRIPCIÓN, CONGRESOS, SEMINARIOS,ETC.	52.100 €
DEREITOS ALOXAMENTO SERVIZO UNIVERSITARIO DE RESIDENCIAS	2.250.000 €
OUTROS SERVIZOS DOCENCIA	98.000 €
SERVIZOS PRESTADOS ATENCIÓN CLÍNICAS	135.000 €
ESCOLA INFANTIL BREOGÁN	115.000 €
COTAS USO INSTALACIÓN DEPORTIVAS	525.000 €
ENTRADAS MUSEO HISTORIA NATURAL	36.000 €
VENDAS DE PUBLICACIÓN PROPIAS	18.500 €
VENDAS ENERXÍA ELÉCTRICA	100.000 €
ANUNCIOS CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	10.000 €
COMPENSACIÓN CONSUMOS SUBMINISTROS CONCESIONARIOS	341.667,81 €
OUTROS INGRESO DIVERSOS	100.000 €
TOTAL CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	4.202.367,81 €
XUROS DE CONTAS BANCARIAS e OUTROS	101.357,1 €
ALUGUERES E PRODUCTOS DE INMOBLES	220.000 €
CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS	160.000 €
TOTAL CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS	481.357,1 €
TOTAL ORZAMENTO DE OUTROS INGRESOS PROPIOS	4.683.724,91 €
Importe orzamentado en 2017	4.648.229,97 €

No que atinxe aos prezos por servizos académicos, considérase prudente formular unha previsión de ingresos de matrícula para o exercicio de 2018 que non supere a estimación de recadación efectiva prevista para 2017, situándose, xa que logo, nos 18,8 millóns de Euros (que supón recuperar a contía prevista no orzamento inicial de 2016), incorporando os ingresos do novo grao de criminoloxía e suprimindo os que ata o momento se viñan percibindo polo título propio ao que substitúe.

No que afecta aos ingresos por custes indirectos non se considera necesario insistir nos criterios de orzamentación, xa adiantados nos epígrafes 3 e 4. b) deste documento.

Gastos

No que respecta aos gastos financiados con recursos non afectados, os aspectos máis salientables destas liñas orzamentarias son os seguintes:

Capítulo I: Gastos de Persoal

O importe orzamentado contempla o crédito necesario para, reducindo o derivado das xubilacións forzosas de PDI e PAS funcionario, así como do persoal laboral suxeito á xubilación parcial, cumprir a senda fixada no Plan Financeiro de Reequilíbrio, absorber as derivas de custes retributivos do cadro de persoal e implementar as medidas de reposición efectiva de prazas e recursos orzamentarios para o persoal derivadas dos respectivos plans impulsados polo equipo de goberno, e que supoñen estas contías:

	Dotación en 2018	Valor consolidado
Incrementos consolidados PAS	150.000,00	300.000,00
Incrementos consolidados PDI	450.000,00	900.000,00
Programación docente anual	50.000,00	150.000,00
Gasto total orzamentado en valor anual	650.000,00	1.350.000,00

PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR. Os eixos de acción do plan de persoal son:

1. Dotación de prazas novas por cobertura de necesidades e por consolidación de persoal investigador respecto ao que hai compromisos;
2. Consolidación de cadros de persoal estruturais por transformación de prazas de Axudante a Profesor Contratado Doutor;
3. Consolidación de cadros de persoal estruturais por transformación de prazas de profesor interino a Profesor Contratado Doutor;
4. Promoción de Profesores Contratados Doutorés a Profesor Titular de Universidade (transformación que require dotar o primeiro ano a praza de titular por coste total que, ao ano seguinte, é recuperada polo coste da de contratado doutor se quen obtén a praza é un profesor da USC);
5. Promoción de Profesores Titulares de Universidade a Catedráticos de Universidade (que require idéntico procedemento de orzamentación que o sinalado para o caso anterior)

Adicionalmente, aproveitaranse os recursos orzamentados para atender necesidades docentes derivadas da programación anual.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS. Os eixos de acción para o persoal de administración e servizos son:

1. A funcionarización do persoal laboral.
2. Dotación de novos efectivos.
3. Corrección de desequilibrios retributivos entre colectivos.
4. Axustes derivados da reorganización de servizos.

Os recursos orzamentados veríanse ampliados de se concretar a funcionarización do persoal laboral, pendente de ser ratificada polo persoal en referéndums convocados polos órganos de representación do persoal laboral e funcionario para o 19 de Outubro e, no caso de que tal refrendo se produza, aprobada polos órganos de goberno da USC. En calquera caso, a programación final da aplicación dos recursos entre estes catro eixos dependerá do proceso de negociación coa representación unitaria do PAS, sendo un obxectivo básico aplicar recursos á reposición real de efectivos, toda vez que o cadro de persoal de administración e servizos da USC leva dende a adopción das medidas de control do gasto e supresión da taxa de reposición sen que esta se teña producido.

Igualmente, en 2018 espérase poder levar a efecto acción de consolidación de emprego mediante procesos selectivos que, ofertando as prazas do cadro de persoal actualmente ocupadas por persoal temporal, non consuman taxa de reposición.

Capítulo II: Gastos correntes

No que se corresponde cos gastos en provisión de bens e servizos correntes, orzamentados no Capítulo II, e cuxa proposta detállase no cadro seguinte que contén a previsión para 2018 e a variación que supón respecto ao orzamento formulado en 2017, é conveniente salientar o seguinte:

- Do importe total do capítulo (23,034 millóns de Euros), 16,547 millóns, é dicir, o 71,83 %, correspóndense con gastos de servizos e subministracións básicos.
- Respecto a 2017, hai un incremento total do capítulo de 0,54 millóns de Euros.
- Tal incremento concéntrase, sobre todo, nos créditos centralizados (0,40 millóns de Euros) e, moi especialmente, nos gastos fixos que, tras o balance entre reducións –especialmente a de expedición de títulos, asesoramentos, servizos de tratamento de residuos e mantemento de contadores- e incrementos –especialmente en subministracións básicas e servizo de limpeza no Campus de Santiago, que haberá que licitar- supón un incremento de 0,63 millóns de Euros. Os outros gastos centralizados mantéñense ou varían lixeiramente, en algún caso a causa da incorporación de servizos antes contratados, e que agora pasarán a prestarse mediante recursos de estrutura, como sucede coa incorporación á USC do SIE, anteriormente encomendado a UNIXEST e imputado ao Capítulo II.
- Pola súa parte, a dotación de créditos descentralizados medra en 138,5 mil Euros, o que supón un 10,5 % de incremento respecto ao 2017.

CAPÍTULO II: GASTOS EN BENS E SERVIZOS	ORZAMENTO 2018	DIFERENZA
Créditos Centralizados	21.575.991,83 €	409.258,51 €
Subministracións, servizos e gastos fixos	18.547.001,69 €	639.993,81 €
Arrendamento equipos transporte e procesos	148.688,85 €	7.688,85 €
Mantemento instalacións e maquinaria	1.400.000,00 €	21.350,12 €
Subministros (auga, gas, electricidade, gasoil)	4.735.500,00 €	225.500,00 €
Comunicacións	100.000,00 €	- €
Seguros	220.362,00 €	94.362,00 €
Tributos	100.000,00 €	- €
Expedición de títulos	129.309,31 €	-40.690,69 €
CRUE	12.360,00 €	- €
Asesoramentos fiscais e xurídicos	60.150,41 €	-14.849,59 €
Prevenición riscos laborais	232.320,00 €	-4.680,00 €
Servizos hixiénicos e tratamento de residuos	151.219,88 €	-73.780,12 €
Mantemento de zonas axardinadas (Lugo)	83.636,12 €	-1.363,88 €
Contrato mantemento contadores	38.482,53 €	-10.515,47 €
Limpeza	7.720.650,00 €	367.650,00 €
Seguridade	1.344.322,59 €	69.322,59 €
Contrato CEDRO	70.000,00 €	- €
Outros gastos centralizados	820.449,00 €	24.260,00 €
Gastos centralizados	350.000,00 €	- €
Material	179.760,00 €	24.760,00 €
Reparación de maquinaria (veículos, equipos)	7.750,00 €	- €
Consello Social	117.500,00 €	- €
Teses doutoramento	133.130,00 €	-500,00 €
Cargos académicos estudantes	32.309,00 €	- €
Servizos e accións de apoio á docencia e á investigación	2.865.614,14 €	38.406,70 €
Biblioteca	919.252,79 €	999,79 €
BUGalicia	1.200.917,00 €	- €
BUGalicia ingresos 5% custes indirectos	345.000,00 €	- €
RIAIDT Reparación de equipos de investigación (50% custe anual)	270.537,44	- €
Museo Historia Natural (gastos de funcionamento)	37.406,91	37.406,91 €
Arquivo, Est Biolóxicas, CEA, Observatorio, Publicacións, SERVIMAV	15.300,00 €	- €
Relacións Exteriores/Welcome Center (gastos de funcionamento)	10.000,00 €	- €

IV Ciclo	10.000,00 €	- €
Profesorado Máster de Secundaria	26.500,00 €	- €
CLM	5.700,00 €	- €
Prácticas de campo	10.000,00 €	- €
Outros cursos e conferencias	15.000,00 €	- €
Servizos á comunidade universitaria	1.342.927,00 €	-293.402,00 €
ATIC	953.729,96	-263.492,04 €
Reparación infraestruturas, mantemento e seguridade	153.000,00 €	- €
Deportes	100.000,00	- €
SUR (máis Casa de Europa)	35.090,04	-44.909,96 €
Escola Infantil Breogán	19.107,00 €	- €
Cultura/Lugo Cultural/Visitas patrimoniais	55.000,00 €	- €
Servizo de Publicacións	15.000,00 €	15.000,00 €
Voluntariado, Igualdade, Desenvolvemento Sostible, Or. Laboral	15.000,00 €	15.000,00 €
Normalización Lingüística	12.000,00 €	- €
Créditos descentralizados	1.458.500,00 €	158.500,00 €
Centros docentes	1.248.500,00 €	113.500,00 €
I. Criminoloxía* crédito para o curso actual	70.000,00 €	-10.000,00 €
CIEDUS	50.000,00 €	- €
CETA	35.000,00 €	- €
Centro de estudos propios/Fondo cursos posgrao propios	35.000,00 €	25.000,00 €
Institutos	20.000,00 €	10.000,00 €
TOTAL CAPÍTULO II	23.034.491,83 €	547.758,51 €

Capítulo IV: Transferencias correntes

Tras a importante redución realizada neste capítulo no orzamento de 2016 respecto ao de 2015, as liñas xerais para o orzamento de 2018 supoñen un mantemento practicamente total do gasto programado en 2017 (so se produce unha redución de 2,7 mil Euros ao rematar os compromisos de financiamento co ITMATI) de forma que a atención ás bolsas e subvencións á comunidade universitaria e as transferencias a servizos universitarios, como a Fundación USC-Deportiva e a Fundación Rof-Codina, mantéñense nos mesmos termos que no ano anterior.

No que atinxe ás transferencias a servizos interuniversitarios, mantense a subvención para o GRUPO COMPOSTELA, e as subvencións anteriores para o CIXUG, BUGalicia e CIUG, intégranse nunha subvención unificada para o novo Consorcio Interuniversitario do SUG, que se creará neste último trimestre de 2017, e que, agrupando as mesmas contías establecidas para as iniciativas de cooperación, asumirá as funcións de todas elas. En relación con este Consorcio, cómpre indicar que unha parte do persoal do SIE pasará a prestar servizos nese organismo para atender necesidades do mesmo mediante a fórmula de adscrición que se defina.

Mantéñense igualmente as contías para subvencións a institucións e actividades externas, dentro das que se reservan 22.500 Euros para as accións que decida promover o Consello Social.

Finalmente, contéplase a incorporación ao orzamento non afectado do importe total das Bolsas Comedor do SUR , incrementando o seu crédito sobre o estimado en 2017 en 20.208,58 €. Esta incorporación ao orzamento non afectado do que o ano anterior se distribuía entre o non afectado e o afectado, fai que o importe do Capítulo IV se incremente en 539 mil Euros.

CAPÍTULO IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES	Non afect.
Bolsas e subvencións	61.000,00 €
BOLSAS ESTUDANTES E CULTURA	31.000,00 €
PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES CALIDADE	20.000,00 €
ACCIÓN DE RETENCIÓN DE TALENTO e EMPREGABILIDADE (Consello Social)	10.000,00 €
Transferencias a servizos universitarios	604.790,00 €
FUNDACIÓN USC-DEPORTIVA (inclúe 1% incremento retributivo)	419.790,00 €
FUNDACIÓN ROF-CODINA	185.000,00 €
Transferencias a servizos interuniversitarios	254.100,00 €
Consortio Interuniversitario do SUG (CISUG)	246.100,00 €
GRUPO COMPOSTELA	8.000,00 €
Subvencións a institucións e actividades externas	34.690,00 €
SUBVENCIÓN CONSELLO SOCIAL	22.500,00 €
PATRONATO ROSALÍA DE CASTRO	625,00 €
MUSEO DO POBO GALEGO	1.000,00 €
PATRONATO CASA DA TROIA	1.000,00 €
FUNDAC. CENTRO DE ESTUDOS EURORREXIONAIS	9.565,00 €
TOTAL CAPÍTULO IV	954.580,00 €
IMPORTE DAS "BOLSAS COMEDOR" DO SUR	642.000,00 €
NOVO TOTAL DO CAPÍTULO IV coa incorporación das Bolsas SUR	1.596.580,00 €

Operacións de investimento: Capítulos VI e VII

As liñas xerais para o orzamento de 2018 prevén un lixeiro incremento das operacións de investimento propias, financiadas con recursos non afectados, pasando de 3.904.005,02€ en 2017 a 3.910.000 € en 2018, malia modificar en parte a estrutura do gasto. Así, mellóranse as contías do equipamento docente de centros en 10 mil Euros, quedando dotado con 360 mil Euros, e as accións de apoio á investigación e a transferencia, supleméntanse con 125 mil Euros máis que en 2017, quedando fixado o seu crédito en 575 mil Euros.

As accións de renovación de hardware e de melloras na rede de voz e datos dótanse con 800 mil Euros, completando o investimento en curso, por importe de 900 mil Euros e o xa iniciado en 2016 por 1 millón de Euros, fronte ao reducido crédito dispoñible en 2015, que foi de 394 mil Euros.

Por último, increméntase ata 2,1 millóns de Euros a contía dos recursos para obras de reparación, ampliación e mellora, cantidade que, de se dar circunstancias máis favorables, debería acrecerse para facer fronte aos requirimentos de investimento derivados da anualidade do plan de investimentos procedente do exercicio de 2017, que consumirá 1,8 millóns de Euros, deixando pouca marxe para atender novas e urxentes necesidades.

Pola contra, non se dota o Capítulo VII, de transferencias de capital, ao ter que mudar o funcionamento que ata o momento se seguía, canalizando a través deste capítulo as encargas realizadas ao CIXUG en materia de desenvolvementos informáticos, ao se configurar o novo Consorcio Interuniversitario do SUG.

CAPÍTULO VI: INVESTIMENTOS	NON AFECTADO
Equipamento, reparacións deportes	20.000,00 €
Moblaxe e equipamento Consello Social	25.000,00 €
Equipamento docente centros	360.000,00 €
Renovación hardware/Melloras na rede	800.000,00 €
Equipamento centralizado	30.000,00 €
Reparto produción científica a departamentos, institutos e grupos	500.000,00 €
Funcionamento servizos xerais (RIADT)	75.000,00 €
Obras de Reparación, Ampliación e Mellora (RAM)	2.100.000,00 €
Total de gastos de investimento	3.910.000,00 €
CAPÍTULO VII: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	NON AFECTADO
Desenvolvemento aplicacións CIXUG	0,00 €

Operacións de cautela financeira: Capítulo V: Fondo de Reserva.

A actuación de gasto orzamentario dirixida a asegurar un marxe para a atención de imprevistos, é a contía de 200 mil Euros que se orzamenta no Capítulo V.

Dada a favorable evolución da absorción do déficit, considérase posible diminuír a cantidade orzamentada en 2017 (350 mil Euros) en 150 mil Euros.

EXERCICIO	DÉFICIT PEFR	DÉFICIT REAL	MELLORA PREVISIÓNS
2014		14.089.743,95 €	0,00 €
2015	14.567.120,24 €	12.429.326,07 €	2.137.794,17 €
2016	14.500.119,50 €	9.474.912,11 €	5.025.207,39 €
2017* prev	13.913.933,72 €	7.263.163,80 €	6.650.769,9 €

Carga financeira: Capítulos III, Gastos financeiros e IX, Variación de pasivos financeiros

Finalmente, o orzamento incorpora no Capítulo IX a dotación dos recursos necesarios para facer fronte a devolución da débeda a longo prazo contraída coa Administración do Estado, mediante o instrumento dos anticipos reintegrables, e coas entidades financeiras, mediante préstamos, de acordo coa estratexia sinalada ao comezo deste documento de manter as previsións do Plan Económico Financeiro de Reequilibrio.

EXERCICIO	AMORTIZACIÓN TOTAL	ANTICIPOS REINTEGRABLES	DÉBEDA BANCARIA
2018	7.067.166,03 €	3.273.969,13 €	3.793.196,90 €

Antes de facer efectivas estas contías, a evolución da débeda total da USC entre os anos 2015, e 2017 foi a seguinte:

EXERCICIO	DÉBEDA TOTAL	ANTICIPOS	BANCARIA
INICIO 2015	45.111.095,24 €	19.207.505,08 €	25.903.590,16 €
INICIO 2018	32.453.923,99 €	10.309.129,22 €	22.144.794,77 €
Amortizada	12.657.171,25 €	8.898.375,86 €	3.758.795,39 €

Igualmente, no Capítulo III prevese a dotación para facer fronte aos xuros desa débeda, cuxo custe se estima en 220.000,00 Euros tras o adianto de pagamentos aprazados realizado cos recursos obtidos polo alleamento do Vello Hospital de Galeras, e reserva outros 200 mil Euros para atender outros gastos financeiros, como avais ou xuros de mora ligados ao reintegro de subvencións ou de anticipos destas non executadas ou xustificadas, a xuízo da entidade financiadora. Esa cantidade vese incrementada no importe dos xuros asociados ao pagamento anticipado dos anticipos reintegrables que se farán efectivos en 2018, estimados en 47 mil Euros, polo que o importe total do Capítulo é de 500 mil Euros.

